

Anexo: Proxecto de fomento do uso do galego

Introdución

No IES San Clemente desenvolvéronse historicamente proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e o desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

Aínda que no centro existen dende sempre iniciativas en prol da nosa lingua e da nosa cultura, o EDLG do IES San Clemente funciona dende a creación dos equipos de normalización lingüística e, dende ese momento, existe un proxecto global de normalización que se revisa ano tras ano. Por iso, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto deberá continuar este labor coa finalidade de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque o método de traballo de cursos precedentes debe ser revisado e as actividades que se van desenvolver axeitadas aos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que sería considerado como plan plurianual.

Pódese consultar este proxecto no seguinte enderezo:

www.iessanclemente.net/edlg/equipo

Integrantes do EDLG

Como ordena o artigo 15º o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio), no IES San Clemente constituíuse un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado por unha persoa coordinadora, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

A continuación indícase a composición do equipo de dinamización lingüística do IES San Clemente:

- Coordinador:
 - Stela Iglesias García. Debuxo
- Profesorado:
 - María Soledad Castellanos Merayo. Francés
 - Isabel Gamallo Gómez. Informática
 - María do Carme González Bueno. Lingua galega
 - Antón Labraña Barrero. Matemáticas
 - Loira Martínez Rey. Portugués
- Alumnado:
 - Olalla Fernández Amoedo. Bacharelato

- Persoal non docente:
 - Carme Otero Cruz. Conserxaría
- Colaboración externa
 - IES de Monterroso, IES Cosme López Rodríguez da Rúa, CEIP de Sestelo-Baión, IES Praia Barraña e outros centros galegos por determinar.
 - AE Carlos Amarante de Braga, Portugal; AE Sophia de Mello Breyner de Vila Nova de Gaia, Portugal.

Estudo sociolingüístico do centro

Contorno sociolingüístico do centro

O IES San Clemente é un centro urbano nunha cidade onde o uso da lingua galega é aceptado pola sociedade, formada por persoas de diferente procedencia (traballadores de todos os lugares, universitarios, visitantes, etc).

O centro ofrece educación tanto presencial como a distancia. Dadas estas características especiais, resulta difícil analizar a súa realidade sociolingüística, xa que cada modalidade educativa se desenvolve nun contorno diferente e a zona de influencia é toda Galicia.

Situación do profesorado

O profesorado encargado de bacharelato e ESA a distancia, desenvolve o seu labor en galego de forma maioritaria, como pode comprobarse na aula virtual, que é o vehículo prioritario de comunicación entre o profesorado e o alumnado. Tanto as guías (equivalente ao libro de texto) como os documentos e comunicacións na aula virtual fanse principalmente en galego.

En canto á formación profesional, a normativa non especifica o idioma que hai que usar para impartir os módulos. O centro procura que exista unha oferta equilibrada en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística adecuada nas dúas linguas oficiais.

A actitude xeral do profesorado cara á lingua galega é positiva, aínda que se pretende mellorar coa participación activa en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

Situación do alumnado

O alumnado é de procedencia xeográfica e clase social variadas:

- O alumnado dos ciclos formativos (ordinario, modular e a distancia) non só provén dos concellos limítrofes, senón de toda Galicia.
- O alumnado matriculado na ESA telemática procede de toda Galicia.
- O alumnado inscrito en Bacharelato procede de toda a comunidade, por ser este centro o único en Galicia que imparte esta modalidade a distancia. Pero constatamos, pola comunicación mantida a través da plataforma virtual, que pode atoparse fóra da comunidade e mesmo do país mentres realiza os seus estudos.

En xeral, o alumnado que provén de zonas urbanas utiliza menos o galego na comunicación espontánea que o que vén do rural. Moitos deles fan o esforzo de falar galego cando o profesor ou profesora imparte a clase nesta lingua, pero outros non.

O EDLG pretende ampliar o uso do galego entre o alumnado a través de concursos, actividades culturais e proxectos que, aínda que sexan compartimentos estancos nas vidas do alumnado, contribúen a mellorar a actitude e a eliminar prexuízos. Tamén queremos facerlle ver ao alumnado que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral.

Situación lingüística do centro

Con respecto á comunicación interna e externa do centro, esta realízase integramente en galego (agás os casos contemplados na lei, de relación con organismos doutras comunidades autónomas), como pode verse na plataforma educativa.

O instituto conta cun plan de modernización e internacionalización que trata aspectos como a visibilidade internacional do centro, as mobilidades Erasmus+ para alumnos (estudos e prácticas) e profesores, proxectos eTwinning e seccións bilingües, entre outros.

Tamén participamos no Plan Proxecta, no proxecto exposicións enREDadas, no programa Lanzadeiras Coruña de Eduemprende; publicamos novas na web do centro, en Facebook, Twitter e Instagram; editamos dúas wikis de manuais e axuda, etc.

En todas estas comunicacións e proxectos, mesmo os levados a cabo a nivel internacional, está presente o galego.

A contribución do EDLG é axudar a corrixir as publicacións, impulsar proxectos (eTwinning, enREDadas, Proxecta, Lanzadeiras, etc.) e axudarlle ao profesorado a publicar novas nos diferentes apartados temáticos da web do instituto.

Obxectivos e actividades

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é potenciar o uso do galego no centro educativo. Esta é a descrición dos obxectivos específicos baseada no estudo sociolingüístico do centro:

Contorno do centro

1. Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro e doutras entidades para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua galega, por medio da prensa, web, redes sociais e revista.

Actividades:

- Rumbo: publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano (por exemplo os relatos premiados, etc.)

- Difusión na web, redes sociais e prensa, das actividades realizadas no centro, relacionadas directa ou indirectamente coa lingua galega.
- Participación en actividades organizadas polo servizo de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela e pola Deputación da Coruña.
- Pago e mantemento da web e Moodle da Embaixada eTwinning Galicia.

Profesorado

1. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:

- Christmas Card Exchange.
- Letras galegas.
- Publicacións da embaixada eTwinning Galicia.
- Ofrecemento permanente ao Servizo Central de Bruxelas para traducir as interfaces do eTwinning Live e TwinSpace ao galego.

2. Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes.

Actividades:

- Solución de dúbidas aos membros da comunidade educativa.

3. Publicar nos diferentes apartados temáticos da web do instituto e nas TVs dos corredores.

Actividades:

- Publicación de artigos: "Novas" e "Novas de dinamización lingüística".
- Axuda e colaboración para a publicación noutros apartados como "PluriFP", "Proxectos europeos", "Orientación" e "Obradoiro da Igualdade".
- Incorporación de vídeos á lista de reprodución de YouTube de música galega moderna.
- Publicación de traballos realizados en cooperación con EDLGs doutros centros.

Alumnado

1. Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

Actividades:

- Información e orientación ás persoas que o soliciten.
- Participación en actividades e proxectos.

2. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

Actividades:

- Participación en concursos do EDLG e doutras entidades.
 - Participación nas actividades organizadas pola Deputación da Coruña e polo Concello de Santiago de Compostela.
 - Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:
 - Christmas Card Exchange.
 - Letras galegas.
 - Outros proxectos doutros departamentos, nos que tamén se utiliza o galego.
3. Eliminar prexuízos e comprender que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral.

Actividades:

- Participación en proxectos eTwinning.
- Participación ou colaboración, cando as circunstancias o permitan, no Plan Proxecta e outros.

Centro

1. Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Actividades:

- Información e orientación aos docentes que o soliciten.
 - Solicitud á Consellaría de Educación de maior presenza do galego nos materiais de FP a distancia.
2. Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdoo a continuas revisións.

Actividades relacionadas coa páxina web www.iessanclemente.net: plataforma educativa a distancia, plataforma educativa "Mestre", wikis de manuais e axuda:

- Atención á utilización da lingua galega nas plataforma educativas, someténdoo a continuas revisións.
 - Información sobre a normativa vixente.
 - Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en www.iessanclemente.net/edlg/equipo
3. Manter a presenza do galego en todos os proxectos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, situándoo ao mesmo nivel que o resto das linguas.

Actividades:

- Proxectos eTwinning indicados en puntos anteriores.
- Solicitar ao SNA eTwinning España que modifiquen a aplicación de eTwinning Live para poder marcar a opción "galego" como idioma de traballo dun participante ou dun proxecto.
- Colaboración estreita cos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Lingua Galega, Francés e Obradoiro da Igualdade.

Actividades principais

O equipo de dinamización da lingua galega do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítese anualmente con éxito. Cabe destacar o concurso literario que xa leva 36 edicións.

A continuación descríbense con detalle as actividades principais propostas para o presente ano escolar, para as que se vai solicitar financiamento á Consellaría de Educación.

Concursos e certames

Temos previstas novas convocatorias de concursos e certames que tiveron éxito en anos anteriores e novos concursos nos que ademais do alumnado, tamén poderá participar o resto da comunidade educativa. Pretenden estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego.

- 14º Concurso de felicitacións de aninovo.
- 9º Certame de micro vídeos.
- 9º Certame de relato breve.
- 4º Concurso de Proxectos Innovadores.
- 14º Concurso europeo de marcapáxinas.
- 37º Concurso literario.

Os premios son vales de material educativo e informático.

Rumbo

Edición do noveno número da publicación Rumbo, con todo o material desenvolvido durante este ano (obras seleccionadas nos concursos e certames do EDLG, exposicións, presentacións, etc). Desta maneira daremos visibilidade aos contidos creados polo alumnado e profesorado, en galego, nunha publicación física e dixital.

Difundida en:

- Web: www.iessanclemente.net/edlg
- Facebook: www.facebook.com/iessanclemente
- Twitter: twitter.com/iessanclemente
- Instagram: www.instagram.com/iessanclemente

Proxectos fin de ciclo para a promoción do galego

Este ano faremos a cuarta edición do Concurso de Proxectos Innovadores, que ten como obxectivo crear un conxunto de ideas que poidan ser

implementadas polo alumnado de ciclos superiores no módulo Proxecto de fin de ciclo.

Estas ideas deben tratar temáticas relativas á lingua galega.

Proxectos eTwinning

Como vén sendo habitual, desde o EDLG levamos a cabo a xestión e coordinación de dous proxectos eTwinning:

1. Proxecto eTwinning "Christmas Card Exchange 2023"

Décimo cuarto ano do eTwinning "Cristmas Card Exchange", desenvolvido polo IES San Clemente en colaboración con alumnado e profesorado de varias escolas europeas.

Neste proxecto, o alumnado de cada colaborador participante, crea postais de Nadal que son publicadas na plataforma eTwinning e, ademais, son distribuídas tamén en formato físico entre os centros participantes para a súa exposición neles.

Para desenvolver o proxecto, os participantes traballan nunha plataforma en liña que tamén serve para difundir os resultados, accesible nesta ligazón: <https://www.iessanclemente.net/christmas-card-exchange>

O EDLG encárgase da corrección dos textos e difusión do resultado en:

- Web: www.iessanclemente.net
- Embaixada eTwinning Galicia: embaixada.etwinning.gal
- Facebook: www.facebook.com/iessanclemente
- Twitter: twitter.com/iessanclemente
- Instagram: www.instagram.com/iessanclemente

2. Proxecto eTwinning Letras Galegas: Marcapáxinas

Este é o décimo cuarto ano do proxecto das Letras Galegas, no que traballamos centros de Galicia, Portugal, Francia, Italia, Polonia e Reino Unido:

<https://www.iessanclemente.net/programas-europeos/letras-galegas>

Aínda que a lingua de comunicación entre o alumnado sempre foi o inglés, a lingua protagonista é o galego e a tarefa faise ao redor da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas.

O resultado final é un conxunto de marcapáxinas presentados ao concurso. O gañador é impreso polo IES San Clemente e distribúese nos meses de maio e xuño.

O papel do EDLG e do Departamento de Galego neste proxecto é fundamental xa que se encargan da coordinación, dinamización, corrección dos textos, así como da difusión dos resultados finais.

Edicións anteriores do proxecto gañaron o selo de calidade nacional eTwinning e o selo europeo en Portugal, Francia, Italia, Polonia e España.

Para desenvolver o proxecto, os participantes traballan nunha plataforma online que tamén serve para difundir os resultados.

Difusión:

- Web: www.iessanclemente.net

- Embaixada eTwinning Galicia: embaixada.etwinning.gal
- Facebook: www.facebook.com/iessanclemente
- Twitter: twitter.com/iessanclemente
- Instagram: www.instagram.com/iessanclemente